

II CINEMAS DIXITAIS

CURTAMETRAXES “O PEQUEÑO É FERMOZO”

Continúa o Ciclo de Documentais programado pola Concellería de Cultura do Concello de Culleredo por segundo ano consecutivo, para os vindeiros meses de marzo-abril e maio un ciclo de Cine Dixital: neste ano sobre CURTAMETRAXES “O PEQUEÑO É FERMOZO” que terá lugar na sala de audiovisuais do Edificio Municipal de Servizos Múltiples do Burgo, todos os xoves ás 20:15 h. do 5 de marzo ata o 28 de maio, un total de 11 sesións coa proxeccións de 72 curtametraxes galegos, co obxectivo de promover este tipo de producións audiovisuais galegas, estruturado en 11 grupos temáticos:

Documentais, experimental, biografías, literatura no cine, Galiza na Guerra civil, Mundo Rural, a muller, infancia e xuventude, literatura galega na Animación, Animación 3 D, Animación Plastilina.

Esta nova proposta pretende por unha banda dar a coñecer a amplísima e excelente oferta de producións de curtas, e por outra pretende ser un elemento de apoio e soporte para a organización de debates e charlas posteriores á proxección.

Este novo ciclo é de balde e vense a sumar ás distintas programacións da Concellería de Cultura para esta primavera, dentro dos Encontros Culturais de Primavera.

O devandito ciclo organízase conxuntamente coa Consellería de Cultura a traveso da dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e a Axencia Audiovisual Galega.

Con esta pretendemos achegar aos cidadáns de Culleredo, as últimas producións de curtas sobre temas diversos, e darlle un uso constante á sala de audiovisuais do Edificio de Servizos Múltiples.

A Programación para este Xoves **12 de marzo** é a seguinte:

AVENTURA NO LABORATORIO

(experimental)

Fonda (nivel II)

Entomology (1991)

Ecos (2006)

A mirada (1992)

Coruña imposible (1995)

Paralelo (2006)

Panta rei (todo flue) (2004)

Longo sendeiro de pedra (2006)

Culleredo, 9 de marzo de 2009.
O CONCELEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez